

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 12 de xaneiro de 2004

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta minutos do día doce de xaneiro de dous mil catro e baixo a presidencia da Ilma. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados e do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Manuel Xosé Lorenzo Penela, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Esta presente a interventora Da. Berta Guarnier González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(9).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE ACOLLIDA E ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN. EXPTE. 10647/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 11.11.03 e de acordo co informe-proposta da xefa de Planificación de Servizos Sociais, do 4.11.03, conformado polo xefe de Sector de Acción Social, a concelleira-delegada de Benestar Social, a concelleira de Área e a interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aproba-lo convenio coa “Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Galicia”, Cif. G-36776920, de compromiso de atención ás persoas que se deriven desde o

departamento de Benestar Social cunha vixencia desde o 01/01/04 ó 31/12/04 e a contraprestación económica por parte do Concello de 6.000 € ó ano, con cargo á partida 227.06.09 do programa 3130.

2º.- Para o exercicio orzamentario 2004 satisfarase o convenio con cargo á aplicación 3130.227.06.09 por un importe de 6.000 €.

O expediente tramitase como anticipado de gastos, condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento do Concello para 2004.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO, DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL, PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE ACOLLIDA E ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN

Vigo, de de 2.003

Reunidos

Dunha parte,

_____, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Vigo.

Doutra parte,

Dona Concepción Blanco Perez-Rubio, Dni 5.377.665N como Presidenta da Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer de Galicia (AFAGA), CIF G-36776920, representante legal desta organización en Vigo con enderezo, a efectos de notificación, na rúa Oliva, 12-2º Of. E.

Ámbalas dúas partes, recoñécense mutuamente con capacidade e competencia para formaliza-lo presente convenio e

M A N I F E S T A N

1. - *Que a Lei de 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local establece no seu artigo 25, a posibilidade de que tódolos Concellos exerzan a "prestación de Servicos Sociais e de Promoción e Inserción Social" sendo competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes e a Lei 4/93, de 14 de abril, de Servicos Sociais de Galicia atribue ós Concellos a cración e xestión de Servicos Sociais de atención primaria e especializada.*

2. - Que a “Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer de Galicia” é a única entidade que presta atención social específica ós enfermos/as e familiares dos mesmos, xa que segundo di nos seus estatutos, os obxectivos da asociación entre outros son: presta-la asistencia psicolóxica e moral os familiares dos afectados da enfermidade, asesorar os familiares en materias legais, sociolóxicas e económicas, facilitar, mellorar e controla-la asistencia dos enfermos para mellorar no posible a calidade de vida.

3. –A Administración Pública pode acordar convenios de cooperación con entidades sen ánimo de lucro para unha xestión común de determinadas actividades.

4.- A Lei de Servicios Sociais de Galicia, 4/93 de 14 de abril, no seu artigo 21 manifesta as competencias dos Concellos entre elas, a colaboración no fomento dos servizo sociais (de carácter local) prestados polas entidades de iniciativa social en especial os que substitúen o atenden necesidades non cubertas pola propia administración

5.- A “Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer” esta a realizar unha labor de atención social os familiares daquelas persoas que padecen a enfermidade para o que contan con profesionais que desenvolve o seu traballo social específico de información, orientación e asistencia.

Este tipo de atención é único na nosa cidade.

Segundo o exposto, as partes acordan asinar un convenio de cooperación de conformidade coas seguintes

C L Á U S U L A S

Primeira.-

O obxecto do presente convenio é a regulación das relacións que se establecen entre a Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer de Galicia e o departamento de Benestar Social para realiza un programa específico de atención psicolóxica os familiares de persoas diagnosticadas con algunha demencia.

Ademais do programa de atención psicolóxica ós familiares que acaban de ser diagnosticados con algunha demencia, farase :

- *Colaborar coa asociación nas intervencións propias dela, así como potencia-los actos que a Asociación faga no exercicio das súas competencias.*
- *Sensibiliza-la poboación xeral co acto tales como charlas, campañas divulgativa, etc. do problema social que esta a xera-lo Alzheimer.*
- *Realizar dous cursos de formación específicos de cuidadores voluntarios de enfermos de Alzheimer destinados a 40 persoas.*

Segunda

O presente convenio terá vixencia 12 meses que dará comezo o 1 xaneiro de 2004 e remata o 31 de decembro de 2004 e durante a súa vixencia terán que realizase as actividades prevista na primeira cláusula.

Ó longo da súa vixencia as partes, de común acordo, poderán amplia-lo obxecto do presente convenio coas contraprestacións que se acorden e sempre que exista consignación orzamentaria para elo, previo informe da Comisión Mixta.

Terceira.-

O Concello de Vigo comprométese á achega durante o ano 2004 de 6.000 €

O abono das cantidades descritas efectuarase: do seguinte xeito: o 50% da cantidade prevista no mes de xaneiro de 2004 e o resto cando se xustifique debidamente o gasto efectuado nas actuacións propias do convenio certificadas polo/a funcionario/a municipal responsable do programa.

Cuarta.-

A formulación de todo tipo de publicidade ou información nos medios de comunicación social das actividades obxecto deste convenio realizaranse conxuntamente.

Quinta.-

Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración-supervisión crearase unha comisión mixta de seguimento da actividade que estará composta por:

Representantes da Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer de Galicia :

Secretario/a da Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer de Galicia
Persoal técnico designado pola Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer de Galicia (2 persoas)

Representantes do Concello de Vigo:

Concelleira-Delegada de Benestar Social.
Funcionario/a designado pola Concelleira de Benestar Social para o seguimento do convenio.
Persoal técnico do departamento de Benestar Social designado ó criterio da Concelleira segundo os temas a tratar.

Esta comisión reunirse, como mínimo, con carácter trimestral

Sexta.-

Ámbalas dúas partes, e por medio da Comisión Mixta de Seguimento poderán acorda-la ampliación deste convenio con outras entidades, sempre que melloren ou aporten medios para a mellora no desenvolvemento do presente convenio e non supoñan modificación da achega municipal que se contempla na cláusula segunda.

Sétima.-

O presente convenio entre o departamento de Benestar Social e a Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer de Galicia ten un carácter de convenio marco e en base a el, poderanse executar todas aquelas accións que se acorden na Comisión Técnica de Seguimento e que están no ámbito das súas competencias

En proba da súa conformidade asinan o presente Convenio o día indicado, os representantes das partes presentes.

2(10).- ADDENDA Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN ALDABA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE INTERVENCIÓN CON MENORES. EXPTE. 10673/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico do departamento de Bestar Social, Sr. Cea Nogueira, do 18.12.03, conformado polo xefe de Sector de Acción Social, o concelleiro-delegado de Benestar Social e a interventora xeral, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Aprobe a sinatura da Addenda ó Convenio de Colaboración coa Fundación Aldaba, que figura no expediente, como continuación do que está en vigor, para o desenvolvemento do Proxecto de Intervención con Menores.

2º.- Aprobe o gasto de 34.973 euros, cantidade que cubrirá os custos totais do proxecto, durante os primeiros catro meses de 2004, ata o 30 de abril, momento en que o programa de Intervención con menores, conxuntamente co de Familia deberán estar adxudicados como servicio propio dos servicios sociais municipais.

3(11).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramento remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno acorda aproba-la seguinte relación dos mesmos:

| NOME | O.PAGO | IMPORTE | XUSTIFIC. | REINTEGRO | S/FAVOR |
|-----------------------------|---------|-------------|-------------|------------|---------|
| GOMEZ GARCIA MARIA CRISTINA | 0343740 | 3.606,06.- | 3.405,05.- | 201,01.- | |
| GONZALEZ CARNERO JUAN RAMON | 0365992 | 144,00.- | 143,50.- | 0,50.- | |
| GONZALEZ UCHA JOSE MANUEL | 0347390 | 1.500,00.- | 1.478,79.- | 21,21.- | |
| LAGE VEIGA RAFAEL | 0331241 | 3.000,00.- | 2.934,74.- | 65,26.- | |
| LOPEZ CUESTA ISABEL | 0361871 | 21.416,00.- | 11.856,00.- | 9.560,00.- | |
| MOURELLE GONZALEZ FRANCISCO | 0360490 | 500,00.- | 493,58.- | 6,42.- | |
| PARAJO CALVO MARGARITA | 0349790 | 601,01.- | 426,64.- | 174,37.- | |
| ROCHA PARAMES CESAREO | 0353683 | 300,00.- | 300,00.- | | |
| SANROMAN VARELA MARIA JESUS | 0357062 | 17.016,00.- | 17.016,00.- | | |
| “ | 0364381 | 25.525,08.- | 23.342,00.- | 2.183,08.- | |
| VAQUEIRO HERBELLO M. TERESA | 0357214 | 450,76.- | 449,92.- | 0,84.- | |
| TOTAL | | | 61.846,22.- | | |

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

4(12).- PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A CONSTITUCIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN.

A Xunta de Goberno, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Seguidamente dáse conta da proposta da Alcaldía de data 7.01.04, para a constitución da Mesa de Contratación, que di:

A Disposición Adicional novena do R.D. Legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas no seu apartado 3 textualmente indica:

“A Mesa de Contratación (nas entidades locais) estará presidida polo Presidente da Corporación, ou membro desta en quen delegue, e formarán parte da mesma como vocais o Secretario, o Interventor e aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre funcionarios, persoal laboral e concelleiros, sen que o seu número en total sexa inferior a tres. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.”

A Xunta de Goberno Local de conformidade co art. 127.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, actúa como único órgano de contratación municipal, procede, en consecuencia, que se adopte acordo no sentido de designar cales serán os membros que integrarán a Mesa de Contratación na súa condición de órgano colexiado proponente e asesor das adxudicacións que acadará a Xunta de Goberno Local.

De conformidade coa normativa citada esta Alcaldía propón:

Primeiro.- Designar como membros non natos do órgano colexiado mencionado os seguintes Concelleiros:

- D. Lucía Emilia Molares Pérez*
- D. Antonio Coello Buñil*
- D. Amador Fernández Fernández*
- D^a Belén Sío Lourido*

En casos de ausencia ou de enfermidade e, en xeral, cando concurra algunha causa xustificada, os membros mencionados poderán delega-las súas funcións noutros Concelleiros.

Poderá asistir ás reunións da Mesa de Contratación o Concelleiro D. Manoel Soto Ferreiro, con voz pero sen voto.

Segundo.- De conformidade co establecido na Disposición Adicional Oitava e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, as funcións de asesoría xurídica da Mesa de Contratación serán desempeñadas, en substitución do Secretario Xeral, polo titular do órgano da asesoría xurídica unha vez a Xunta de Goberno Local acorde este nomeamento.

Terceiro.- Designar como Secretario da Mesa ó funcionario desta Corporación D. Jose Manuel Vieitez Alén ó que o substituirá nas súas funcións en caso de ausencia ou impedimento D^a Sela Bernárdez Gil.

Cuarto.- A Mesa de Contratación realizará reunión ordinaria os luns ás 10,30 horas.

Quinto.- Dar traslado deste acordo ós Concelleiros afectados, demais interesados e dar coñecemento do mesmo ó Pleno do Concello na primeira reunión que este órgano realice.

A Xunta de Goberno Local presta aprobación á proposta precedente.

5(13).- DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO.

A Xunta de Goberno, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe sobre a aplicación da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do Goberno Local, emitido polo titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, con dta 7.01.04, dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 9.01.04, que di o seguinte:

A entrada en vigor da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas pam a modernización do goberno local, implica que dentro das competencias da X unta de Gobemo Local se encontran, maioritariamente delegables pero noutros casos con carácter indelegable, gran parte das que actualmente desenvolven órganos da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Coa finalidade de que os órganos deste organismo autónomo poidan seguir desenvolvendo na medida do posible as competencias que na actualidade desenvolven de acordo cos seus Estatutos, esta Alcaldía, coa conformidade do Consello da Xerencia manifestada na sesión do día 8 de xaneiro de 2004, ten a ben propoñer á X unta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro. Inicia-lo procedemento de adaptación dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, de acordo co que establece a disposición transitoria terceira da Lei 57/2003, do 16 de decembro.

Segundo. Delegar nos órganos da Xerencia Municipal de Urbanismo as competencias que actualmente desempeñan e que a Lei 57/2003, do 16 de decembro, atribúe, con carácter delegable, á X unta de Gobemo Local.

Terceiro. Delegar, nos órganos da Xerencia que actualmente as desenvolven, as competencias referentes á tramitación e informe ou dictame dos expedientes comprendidos nos apartados c) e d) do artigo 127 da Lei 57/2003, do 16 de decembro, agás a resolución dos mesmos, que será competencia da X unta de Goberno por, imperativo legal.

Cuarto. Dar traslado deste acordo á Xerencia Municipal de Urbanismo.

A Xunta de Goberno presta aprobación á proposta contida no precedente informe.

6(14).- ASISTENCIA DA CONCELLERÍA DE TURISMO AS FEIRAS INTERNACIONAIS: BOOT DE DÜSSELDORT, BTL DE LISBOA E FITUR 2004. EXPTE. 1373/104.

A Xunta de Goberno, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio, do 5.01.04, conformado pola concelleira de dito Servicio e pola interventora xeral, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda:

1º.- Autoriza-la asistencia da Concellería de Turismo ás Feiras Internacionais Salón Náutico de Düsseldorf (BOOT), que terá lugar entre os días 17 e 25 de xaneiro en Düsseldorf (Alemania), Bolsa de Turismo de Lisboa (BTL), que terá lugar entre os días 21 e 25 de xaneiro en Lisboa e a Feira Internacional de Turismo de Madrid (FITUR), que terá lugar entre os días 28 de xaneiro e 1 de febreiro.

2º.- Autorizar a seguinte relación de gastos do presuposto prorrogado para o ano 2004 que se derivan da participación de Vigo nos tres eventos:

| | |
|--|-----------------|
| o Total reunións e conferencias, con cargo á partida 7510 22 60 600 (reunions e conferencias) do presuposto prorrogado para o ano 2004 | 25.381,92 euros |
| o Gastos de locomoción de asistencia a feiras, con cargo á partida 7510 2310000, do presuposto prorrogado para o ano 2004 | 600 euros |
| o Dietas, con cargo á partida 7510 2300000, do presuposto prorrogado para o ano 2004 | 900 euros |
| o Dietas do persoal, con cargo á partida 7510 2300100, do presuposto prorrogado para o ano 2004 | 800 euros |
| o Atencións protocolarias e representativas, con cargo a partida 7510 02260100, do presuposto prorrogado para o ano 2004 o | 3.000 euros |
| o Gastos de transporte do material promocional ata Dusseldorf e Madrid, con cargo a partida 7510 2230000 (transporte a feiras), do presuposto prorrogado para o ano 2004 | 2.000 euros |

3º Que os gastos de locomoción e dietas devengados da participación nos devanditos eventos, non quedarán suxeitos ó previsto no Real Decreto 236/88 e que serán sufragados na súa totalidade con cargo ós presupostos municipais, previa acreditación dos mesmos.

4º Que en consecuencia, se libre a xustificar a nome de Dna. Yolanda Aguiar Castro, con DNI nº 36076445-W a cantidade de 32.681,92 euros, que deberán ser ingresados na conta habilitada do Departamento de Turismo nº 2080 0000780040246105”

7(15).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e cincuenta minutos. Como secretario dou fé.